

**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN DO SOBRE A DO
PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA,
VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE DO SERVIZO
DENOMINADO ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as doce horas do día 24 de agosto de 2016, réunese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE DO SERVIZO DENOMINADO ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE AMES.**

ASISTENTES:

Presidente:

José M. Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames.

Vogais:

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria municipal do Concello de Ames.

M. Carmen Crespo Doldan, interventora accidental municipal do Concello de Ames.

Rogelio Pardo Martínez, xefe do Servizo de Contratación do Concello de Ames

Secretaria:

M. Isabel Quintáns Rios, auxiliar administrativa do departamento de Contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral contida no sobre A presentada polos licitadores.

Consta no expediente certificación da secretaría xeral dos licitadores que presentaron solicitude para participar na adxudicación do contrato de servizo denominado "Escolas Deportivas Municipais do Concello de Ames"

A continuación procédese a apertura do devandito sobre "A" nomeado "Documentación Administrativa" resultando o seguinte:

| Empresa | CIF | |
|----------------------------------|------------|--|
| A Billarda S.L. | B-27278845 | So presenta declaración responsable. Non presenta declaración con datos identificativos do licitador |
| Esproade S.L. | B-15664816 | So presenta declaración responsable. Non presenta declaración con datos identificativos do licitador |
| Eulen S.A. | A-28517308 | Presenta declaración responsable e declaración con datos identificativos do licitador |
| MOVE, Servizos de Ocio y Deporte | B-70311618 | Presenta declaración responsable e declaración con datos identificativos do licitador |
| Serviplus total S.L. | B-70019294 | Presenta declaración responsable e declaración con datos identificativos do licitador |
| VV Xestión de Actividades S.L. | B-70077292 | So presenta declaración responsable. Non presenta declaración con datos identificativos do licitador |
| Xestión Cultural Áurea S.L. | B-36394203 | Presenta declaración responsable e declaración con datos identificativos do licitador |

En relación as empresas A Billarda S.L., Esproade S.L. e VV Xestión de Actividades S.L. cabe mencionar que non achegan a declaración con datos identificativos do licitador segundo a cláusula 17.1 do PCAP.

Despois do exame da documentación presentada polos licitadores, e conforme ao disposto no artigo 81.2 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas se a mesa observa defectos u omisións subsanables na documentación presentada o comunicará ós interesados para que no prazo de **tres días hábiles** aporten dita documentación, (cláusula 20.3.d) do PCAP).

En consecuencia e de acordo co disposto no parágrafo anterior a mesa por unanimidade dos seus membros acorda:

PRIMEIRO.- Requerir as empresas A Billarda S.L., Esproade S.L. e VV Xestión de Actividades S.L para que no prazo de 3 días hábiles procedan á subsanación e aporten a documentación da que adolece o Sobre A (Declaración con datos identificativos do licitador)

SEGUNDO.- Ó abeiro do artigo 27 do Real decreto 817/2009 de 8 de maio, fixar para o día 30 de agosto de 2016 ás 10:00 horas a apertura dos sobres "B" no salón de plenos da Casa Consistorial


E non sendo outro o obxecto da reunión, o señor Presidente da por rematado o acto, sendo as doce horas e quince minutos do día de referencia, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan os membros da mesa de contratación, e eu secretaria, certifico.




Handwritten signature of the Secretary, appearing to read "M. Quintana".



Handwritten signature, possibly "A. Lago".



Handwritten signature, possibly "Lago".



Handwritten signature, possibly "J. Lago".